



NOTA DE PRENSA 20 de novembro 2020

“Cociña de ondas, cociña de terra, cociña de todos”

con viño da D.O. Ribeira Sacra

A **Denominación de Orixe Ribeira Sacra** colabora coa campaña, **“Cociña de ondas, cociña de terra, cocina de todos”**, que promove o Grupo El Progreso. A iniciativa ten por obxecto poñer en valor os produtos da provincia de Lugo e unir a gastronomía e o turismo.

Así un autobús rotulado para a ocasión percorre desde este xoves, 19 de novembro, os diferentes destinos seleccionados, **Ribeira Sacra, Os Ancares, o porto de Celeiro e a cidade de Lugo**.

No interior deste autobús contarase con personaxes coñecidos que prepararán as diferentes receitas contando con produtos do porto de Celeiro, de Tenreira suprema da Carqueixa, de Porco Celta a través de Asoporcel, de cordeiros a través de Ovica, e de aceite de Quiroga.

Todas as receitas acompañaranse de viños da D.O. Ribeira Sacra. Con todo, búscase provocar a necesidade de mercar o que xenera valor e postos de traballo na provincia de Lugo.